

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 30 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa, convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.

A base décima da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa establece que, unha vez adxudicados os destinos, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino a aqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

De conformidade coa antedita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso

RESOLVE:

Primeiro. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo).

Segundo. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa, aos/ás aspirantes seleccionados/as que se inclúen no anexo desta resolución.

Terceiro. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.

Cuarto.- Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.



De conformidade coa base décima da Resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo. Non entanto, en casos de forza maior, e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Quinto. En cumprimento da disposición adicional cuarta do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, as referencias ás estruturas organizativas de xestión integrada contidas na Resolución desta dirección de data do 14 de outubro de 2019 (DOG núm. 199, do 18 de outubro) substitúense por área sanitaria.

Sexto. De conformidade coa disposición adicional 2ª do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (DOG núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizasen con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expedient-e e fose debidamente convalidada.

Sétimo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO

Grupo técnico da función administrativa

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Localidade
***1994**	Abuín Ratón, Pablo	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O
***1175**	Ézara Agulleiro, Gerardo	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Virxe da Xunqueira	Cee
***7775**	García Gonzalez, María Soledad	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo
***5692**	Lema Fernandez, Natalia	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo
***1370**	Lombao Iglesias, María Otita	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A.S. Ourense-Verín-O Barco	Ourense
***7416**	Mallo Poy, Ana María	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Virxe da Xunqueira	Cee
***2622**	Rosales Fernández, Eugenia Justina	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo
***7163**	Santalla Vázquez, Alberto	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O
***5451**	Vilanova Álvarez, María Mercedes	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ourense

Grupo de xestión da función administrativa

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Localidade
***1994**	Abuín Ratón, Pablo	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital de Monforte	Monforte de Lemos
***9826**	Barca Ferrín, Francisco Javier	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo
***1748**	Cal Oliveira, Helena María	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo
***8963**	Carbia Blanco, Martín	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo
***3298**	Chas Ares, Divina Concepción	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital da Mariña	Burela
***8338**	García Suarez, Patricia	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo
***3051**	González Ramos, Daniel	A.S. de Ferrol	A.S. Ferrol	Ferrol
***7416**	Mallo Poy, Ana María	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo
***5486**	Martín Muñiz, Emilia	A.S. de Pontevedra e O Salnés	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Pontevedra
***2978**	Pérez Rodríguez, René	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo





DNI	Apellidos e nome	Centro directivo	Centro	Localidade
***0134**	Raviña Díaz, Luz María	A.S. de Pontevedra e O Salnés	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Pontevedra
***4784**	Rodríguez García, Ana María	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Virxe da Xunqueira	Cee
***1550**	Roibas Candal, Lucía	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo
***2622**	Rosales Fernandez, Eugenia Justina	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo
***9952**	Ulloa Sánchez, Cristina	A.S. de Ferrol	A.S. Ferrol	Ferrol
***7206**	Varela Vigo, Carlos	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo
***5577**	Vázquez Campo, María Elena	A.S. de Vigo	A.S. Vigo	Vigo
***6858**	Vidal Pailos, María	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.